

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Pontecesures para que por este se opte a execución subsidiaria de limpeza da finca colindante á da interesada, e se realicen os tramites oportunos para levala a cabo.

Expediente: F.11.Q/3289/20

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona ██████████ referente a falta de resposta do Concello de Pontecesures a solicitude de actuación respecto do problema derivado pola cantidade de maleza e falta de limpeza da finca colindante ó que causou ó derribo do peche da súa finca.

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu. No informe achegado sinálase o seguinte:

“Atendendo ao seu requirimento con rexistro de entrada 2020-E-RC-1188 e data 09/07/2020, referente ao expediente F.11.Q/3289/20, quixera manifestar o seguinte:

Dona ██████████, presenta unha instancia xeral neste Concello, con rexistro de entrada 2019-E-RC-2144 e data 15/11/2019, onde solicitaba *“se proceda a identificarao titular do terreo con maleza e se execute á maior brevidade posible o rareo do terreo pois está a producir danos no inmovible da súa propiedade”*.

Lévanse a cabo as indagacións correspondentes (recompilación dos datos do padrón do I.B.I. rústica-urbana e na sede do catastro) para comprobar quen son os propietarios dos terreos.

Envíaselle un requirimento a unha veciña deste Concello para que proceda a limpar a súa propiedade situada en Polígono ██████████ contestándonos a señora que esa finca non era súa.

Seguimos facendo indagacións para conseguir localizar aos propietarios,

- O 16 de decembro de 2020 foi notificado un requirimento de limpeza ao propietario dun terreo en ██████████, nº ██████
- O 21 de decembro de 2020 foi notificado outro requirimento de limpeza á herdeira do terreo

en Polígono [REDACTED] Contestando o 30 de decembro de 2020 que a finca está limpa.

Querémoslle facer chegar o noso compromiso coa veciñanza á hora de darlle solución ás súas queixas e que seguimos traballando na procura dunha solución pero atopámonos que no Catastro moitos dos enderezos dos propietarios están erróneos (non indican a rúa nin o número), así como os datos do titular (encontrándonos que están a nome de persoas falecidas).”

ANÁLISE

Con data 15 de novembro de 2019 a interesada solicitou dese concello que se procedera a identificara o titular do terreo colindante pois a gran cantidade de maleza sen limpar que tiña lle tiraba o muro solicitando que se executara á maior brevidade posible o rareo do terreo pois se estaban a producir graves danos no inmovible da súa propiedade. Pese ó informe remitido por ese concello e transcorrido prazo suficiente para a execución do solicitado pola interesada esta nos constata, e así nos lo comunica remitindo documentación gráfica, que ata data de hoxe (e pese o tempo transcorrido, novembro de 2019) a situación da finca colindante continúa igual que estaba desde que se presentou o primeiro escrito.

Se ben e certo que por ese concello se iniciaron as actuacións tendentes a identificación dos propietarios das fincas colindantes mediante ós requirimentos oportunos, o certo é que non deron resultado algún e polo tanto mantense e agrávase a situación que motivou a nosa investigación, non alcanzándose unha solución definitiva ó problema.

Por outra banda, no informe que nos remite nos manifesta tamén o compromiso que ese concello adquire coa veciñanza á hora de darlle solución ás súas queixas e que seguen a traballar na procura dunha solución pero que se atopan con moitas dificultades para identificar os titulares das fincas afectadas.

Non obstante o anterior, e dacordo co establecido na normativa vixente de aplicación o caso, art.336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, ese concello ten a facultade de optar por realizar a execución subsidiaria mediante as actuacións precisas para proceder a solución deste grave problema e repercutindo despois os gastos contra os titulares das fincas denunciadas e, de non ser satisfeitos, acudir a vía de apremio.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que, de acordo co establecido no art.336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, que polo concello de Pontecesures se opte a execución subsidiaria e se realicen os tramites oportunos para levala a cabo e así poder arranxar a situación de perigo e a evitación de males maiores a futuro. ”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

